

Ricardo Pichel Gotérrez (2015): “Sobre as relacións lingüístico-literarias entre as versións ibéricas derivadas do *Roman de Troie*. Un estado da cuestión”, en Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 125-142.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Instituto da Lingua Galega

En memoria de tanto miragre

ESTUDOS DEDICADOS Ó PROFESOR DAVID MACKENZIE

Edición ó coidado de
Francisco Dubert García
Gabriel Rei-Doval
Xulio Sousa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

EN MEMORIA DE TANTO MIRAGRE
Estudos dedicados ó profesor
David Mackenzie

Edición ó coidado de
FRANCISCO DUBERT GARCÍA
GABRIEL REI-DOVAL
XULIO SOUSA

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre : estudos dedicados ó profesor David Mackenzie / edición ó coidado de Francisco Dubert García, Gabriel Rei-Doval, Xulio Sousa. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015. – 261 p. ; 24 cm.

Precede ó tít.: Instituto da Lingua Galega

D.L. C 1193-2015. – ISBN: 978-84-16183-96-8

1. Mackenzie, David – Crítica e interpretación. 2. Galego (Lingua). 3. Galego-portugués (Lingua)— Antes de 1500. 4. Literatura galega. 5. Literatura española. 6. Lingüística histórica iberorrománica. I. Dubert García, Francisco, ed. lit. II. Rei-Doval, Gabriel, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. V. Instituto da Lingua Galega

801 Mackenzie, David
806.99
806.90/99 "04/14"
869.9

Este libro publícase coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) ó grupo de investigación *Filoloxía e lingüística galega* (GI-1743), da Universidade de Santiago de Compostela.

©Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño de cuberta
Raquel Vila Amado

Maquetación
Raquel Vila Amado

Imprime
Imprenta Universitaria
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Edita
Servizo de Publicacións
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

Dep. Legal C 1193-2015

ISBN 978-84-16183-96-8

Sobre as relacións lingüístico-literarias entre as versións ibéricas derivadas do *Roman de Troie*. Un estado da cuestión

RICARDO PICHEL GOTÉRREZ

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción. A materia clásica nas letras hispanas baixomedievais e a súa autonomía como ciclo literario

A materia de Troia foi un ciclo temático susceptible de ser integrado en diferentes obras hispanas de carácter literario ou historiográfico ao longo do século XIII, especialmente no *Libro de Alexandre* e na *General Estoria*. Tradicionalmente enténdese que este é o primeiro estadio asimilativo das xestas troianas nas nosas letras romances.¹ No entanto, ao tempo que a caída de Ilión se filtraba polas fendas da nosa produción historiográfica e ficcional, xurdían novas formas de refundición vernácula e autónoma do mito clásico. Os testemuños baixomedievais que hoxe conservamos dan conta deste proceso natural característico da *imitatio* e *inventio* propias do medievo, e nel cómpre identificarmos dous métodos creativos: por unha parte, a tradución e adaptación dunha fonte única seguida de forma máis ou menos fiel; por outra, a combinación ou fusión de diferentes fontes de asunto troiano.

No primeiro caso recoñecemos dous modelos fundamentais: as tradicións discursivas francesa (o *Roman de Troie* de Benoît de Sainte-Maure) e ítala (a *Historia destructionis Troiae* de Guido delle Colonne). Á primeira delas adscribíbense obras como a *Crónica Troyana* promovida por Alfonso XI (ca. 1350), a súa (re)tradución ao galego (ca. 1373) ou a versión en prosa e verso coñecida como *Historia Troyana Polimétrica* (do último terzo séc. XIII ou mediados do XIV).

1 En Pichel Gotérrez (2014c) facemos un repaso ás compilacións e refundicións de natureza troiana non autónomas no repertorio literario ibérico baixomedieval.

Á póla italiana representada por Guido pertencen as traducións e refundicións aragonesas, castelás e catalás confeccionadas entre os séculos XIV e XV. Do punto de vista cronolóxico, a asimilación do poema francés nas letras peninsulares é máis temperá (cfr. *Roman de Troie* 1155-1165, *Historia destructionis* 1287), non só como sección integrante doutras obras, mais tamén na emerxencia de textos autónomos: neste último caso, aínda que, en aparencia, os textos conservados non o reflectan así (case todos do XIV), cando menos desde mediados do século XIII xa contariamos cunha primeira adaptación occidental do *Roman de Troie*. Por outra parte, desde unha perspectiva xeolingüística, a asimilación autónoma do *Roman de Troie* nas letras peninsulares parece que tivo unha maior aquiescencia no ámbito centro-occidental, tanto nos seus primordios duocentistas como na súa expansión na produción literaria do século XIV. En troca, a tradución e adaptación da tradición discursiva ítala deixárase ver con máis intensidade na faixa centro-oriental, tendo en conta a maior transcendencia da obra de Guido nas letras aragonesas e catalás até o século XV.

Volvendo ao proceso de *imitatio* e *inventio* medievais, a outra técnica creativa perceptíbel nas letras hispanas foi, como xa anunciamos, a combinación ou fusión de diferentes fontes de asunto troiano; un método compilatorio característico da prosa afonsina que se emprega, precisamente, na perdida *Estoria de Troya* (segunda metade do séc. XIII) que posteriormente se integraría nas tres primeiras partes da *General Estoria*. Algo moi semellante acontece nas *Sumas de Historia Troyana* do enigmático Leomarte e nos códices facticios ou híbridos que transmiten a *Polimétrica* e a *Historia Troiana* galego-castelá.

Nas epígrafes seguintes falaremos dalgúns dos principais testemuños derivados da irradiación na Península do *roman* francés, coa intención de ofrecer un estado da cuestión, na medida do posíbel actualizador, no que atinxe ao estatuto lingüístico e interconexión literaria entre eles e, desta maneira, contribuír aos estudos sobre a prosa literaria no espazo cultural centro-occidental, nomeadamente a produción medieval galego-portuguesa. Centrarémonos principalmente nos testemuños da *Historia Troyana Polimétrica*, a *Crónica Troyana* promovida por Alfonso XI e a primitiva versión iberorrománica do *Roman de Troie*.²

2 A nosa intención inicial era rematar este artigo aludindo ás versións occidentais da *Crónica Troiana* e a *Historia Troiana*, mais a limitación do espazo impídenos facer unha referencia descritiva específica a estes dous testemuños galegos da segunda metade do século XIV. Ao respecto, pódense consultar, entre outros, os traballos de Lorenzo (1985, 1993, 1998, 2000, 2002), D'Ambruoso (2010, 2012), Rodríguez Porto (2013a, 2013b) e Pichel Gotérrez (2010b, 2010c, 2012c, 2014a, 2014b).

2. A versión prosimétrica do *roman*

A partir da edición e estudo de Menéndez Pidal e Varón Vallejo³ (1934), a crítica tradicional considerou que a *Historia Troyana Polimétrica* inauguraba a adaptación autónoma do ciclo de Troia.⁴ Este interesante testemuño de *prosimetrum* (alternancia de prosa e verso) baixomedieval, composto por un conxunto de once ou doce poemas en varios metros, consérvase en dous manuscritos facticios e fragmentarios⁵ (*M* e *M'*) que amalgaman ou xustapoñen outras obras troianas, nomeadamente a *Crónica Troyana* de Alfonso XI, a *Estoria de Troya* integrada na segunda parte da *General Estoria* e unha tradución da *Historia destructionis Troiae*. Trátase, por tanto, de versións híbridas ou misceláneas nas que se combinan de distinto modo varias tradicións discursivas: no primeiro caso, a versión de Alfonso XI acouta a pasaxe prosimétrica; en troca, os fragmentos da *Estoria de Troya* afonsina e mais a tradución da *Historia destructionis Troiae* italiana constitúen dúas interpolacións imbricadas en diferente grao no fío discursivo híbrido (versión de Alfonso XI + *Polimétrica*) do manuscrito.

Por unha parte, o códice *M* (BNE ms. 10.146) é un manuscrito acéfalo en que, nun primeiro estadio redaccional (*Ma*) de mediados do século XIV, se fusionou unha pasaxe da versión prosimétrica (correspondente aos versos 5703-15567 do *Roman de Troie*) con diferentes fragmentos da *Crónica Troyana* de Alfonso XI. Nun segundo estadio textual de finais do século XV (*Mb*), as mutilacións do soporte antigo serían completadas por un texto híbrido integrado pola versión de Alfonso XI amalgamada con certos capítulos da *Estoria de Troya* afonsina, de maneira moi similar ao que acontece coa *Historia Troiana* galego-castelá⁶ (BMP ms. 558). O segundo testemuño da *Polimétrica* encóntrase no códice *M'* (Escorial ms. L.II.16), de finais do século XIV ou principios do XV, onde o segmento prosimétrico é máis breve (remite aos versos 13822-15567 do *Roman de Troie*) e aparece combinado coa versión de Alfonso XI e mais cunha tradución castelá fragmentaria da *Historia destructionis Troiae* de Guido delle Colonne.

Como apuntaban García Solalinde (1916) e Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934), ambos os dous testemuños proveñen dun arquetipo común, pois

3 Na actualidade continúa en proceso a tese de doutoramento de Mauro Ezequiel Alfonso Ares, consistente no estudo e edición da *Historia Troyana Polimétrica*, baixo a dirección de José Manuel Lucía Megías. Por outra parte, coñecemos tamén unha recente edición crítica do mesmo texto debida a Larrea Velasco (2012).

4 Véxase, por exemplo, Gómez Redondo (1998: 796-798; 2007: 4021).

5 Alvar e Lucía Megías (2002: 640-642).

6 Vid. Pichel Gotérrez (2012a, 2012b, 2014b).

partillan deturpacións (como o final abrupto) e non presentan erros separativos entre si; o dito arquetipo, por tanto, tampouco representaría o orixinal da *Polimétrica*. A estrutura orixinaria deste arquetipo, que Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xxii) sitúan na primeira metade do século XIV, é unha incógnita;⁷ porén, considérase factíbel que xa integrase no seu seo a fusión discursiva entre a versión prosimétrica e a *Crónica Troyana* de Alfonso XI, toda vez que tanto en *M* como en *M'* o final do texto da *Polimétrica* coincide cun mesmo punto do *Roman de Troie* (o verso 15567), e, alén disto, empalma satisfactoriamente co texto posterior (a versión de Alfonso XI).⁸ Téñase en conta, neste sentido, que, polo que nós podemos observar, cando menos no primeiro estadio redaccional de *M* (*Ma*), a man que copia os fragmentos prosimétricos e o *roman* parece a mesma; por outra parte, como lembramos na seguinte alínea, en ambas as dúas seccións téñense rexistrado arcaísmos e occidentalismos. Canto á súa extensión, atendendo ao testemuño *M* (o máis amplo dos dous), suponse que o arquetipo tería, cando menos, a mesma extensión que *M*.⁹ Por último, tamén parece moi probábel que o ascendente común combinase igualmente a prosa e o verso.¹⁰

Canto á cronoloxía desta obra, Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: ix) propuxeron unha datación bastante recuada (ca. 1270), a través dunha análise lingüística e métrica dos fragmentos coñecidos.¹¹ Porén, nos últimos anos a crítica véñse

7 Véxase ao respecto Schiff (1905: 259-260), García Solalinde (1916: 127-128), Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xx-xxviii), Haywood (1996: 10-12), Casas Rigall (1999: 212-214), Alvar e Lucía Megías (2002: 640-642).

8 Porén, este paralelismo non se produce no comezo da obra, tal como se desprende da distinta extensión dos fragmentos da *Polimétrica* (cfr. Menéndez Pidal e Varón Vallejo 1934: XXI-XXIII, Casas Rigall 1999: 212).

9 Neste sentido, García Solalinde (1916: 127-128) chamaba a atención sobre un fragmento de *M* onde se remite o lector a unha pasaxe anterior non recollida, polo que se deduce que o orixinal da *Polimétrica* se iniciaría nun punto anterior ao arranque do ms. *M*. Pola súa parte, Haywood (1996: 10-12) sinalaba outro punto do relato onde se fai referencia a un suposto prólogo non conservado, talvez un prefacio xeral do libro, ou se callar a introdución dalgunha das súas partes (Casas Rigall 1999: 213).

10 A este respecto, Schiff (1905: 259-260) e, máis tarde, Brownlee (1978-79: 13-14), conecturaran a existencia dunha versión castelá anterior, tradución do *Roman de Troie*, composta unicamente en verso. Porén, esta teoría sería comunmente rexeitada pola enorme extensión de versos resultante de tal adaptación (entre 100.000 e 150.000), tendo en conta a paráfrase amplificativa á que o autor ibérico somete a súa fonte nas pasaxes poéticas que hoxe coñecemos (García Solalinde 1916: 156-157, Menéndez Pidal e Varón Vallejo 1934: xxvii-xxviii). Para alén disto, Menéndez Pidal (*ibid.*) detectara algúns indicios de eliminación de pasaxes métricas mediante prosificación nos dous testemuños da *Polimétrica*, o cal redundaría na hipótese dun arquetipo xa prosimétrico. Cfr. Cátedra (1993-94: 334-350) e Roubaud-Bénichou (2000: 85-94).

11 Paz y Meliá (1899: 62-63) chamara a atención sobre o arcaísmo lingüístico, mais só no caso do poema cuarto da *Polimétrica*.

decantando por unha datación máis tardía,¹² talvez non moi afastada da redacción da crónica promovida por Alfonso XI (1350). Os argumentos lingüísticos (principalmente arcaísmo léxico e apócope do *-e*) e métricos (silabismo regular) postos de relevo por Menéndez Pidal foran matizados por Casas Rigall (1999: 214-215), demostrando de modo contrastado (a través da comparanza con outros textos) a inoperancia da maior parte deles. No primeiro caso, próbase a presenza en textos do século XIV de certos vocábulos presuntamente arcaicos (exs. *albergada* ‘campamento’, *almófar*, *desmanchar*, *trexiello* ‘cinguideiro’) ou descoñecidos fóra das letras duocentistas¹³ (exs. *descabeñada* ‘desgreñada’, plural *dios*, *enatio* ‘feo’, *famadia* ‘fama’, *joya* ‘gozo’, *sobreseñal*, *terzer* ‘limpar’); alén disto, arguméntase que a presenza do vocábulo *guitarra* avala tamén unha datación tardía.¹⁴ Por outra parte, relativízase a presenza da apócope de *-e*, que, ademais, non sería tan acusada como quería reflectir Pidal no establecemento do texto crítico da súa edición, onde interpreta que os copistas do século XIV tenderon a actualizar este trazo lingüístico.¹⁵ Canto ao aspecto métrico, Casas Rigall (1999: 216) indica que o carácter presuntamente regular do orixinal prosimétrico non é tampouco tan perceptíbel nos testemuños *M* e *M'*, e lembra que no século XIII tamén hai poemas de silabismo irregular, así como pezas de tendencia isosilábica no XIV. Para alén disto, a crítica ten chamado a atención sobre a máis que probábel influencia da tradición

12 O primeiro en propoñela sería García Solalinde (1916: 127); nos últimos anos foi apoiada, entre outros, por Deyermund (1971: 289 e 1975: 48), Ferraresi (1976: 119), Haywood (1996: 8) ou Casas Rigall (1999: 214-216).

13 Unha consulta rápida no CdE e no CORDE confirma a colación feita por Casas Rigall nalgúns casos; na *Historia Troiana* (BMP ms. 558), da segunda metade do XIV (ca. 1365-69 a parte castelá), tamén encontramos varios exemplos de *almófar*, *desmanchar* ou *sobreseñal* (Pichel Gotérrez 2014b).

14 Casas Rigall (1999: 215) fai notar que é un vocábulo estraño antes do segundo cuartel do século XIV; de feito, a primeira atestación aparece no *Libro de buen amor* (3 oc.), como puidemos comprobar nós tamén nos *corpora* do castelán que manexamos (os seguintes rexistros trescentistas corresponden ao *Poema de Alfonso Onceno*, a dúas obras de Juan Fernández de Heredia e á *Biblia romanceada judío cristiãna*). Lembra tamén (*ibid.* n. 171, p. 215) como a mesma forma presente no *Alexandre* aparece só na copia do século XV, mentres que no testemuño máis antigo, de finais do XIII, aparece no seu lugar a forma *çedra* (< CITHARA). Con todo, tamén achamos factíbel a presenza de *guitarra* na *Polimétrica* como un caso de actualización léxica (o mesmo que acontecía no testemuño catrocentista do *Alexandre*).

15 Tampouco descartamos esta hipótese, atendendo á frecuente presenza de trazos conservadores e innovadores nun texto medieval, nalgúns casos reflexo do diasistema lingüístico subxacente. Casas Rigall (1999: 216) defende máis ben un arcaísmo consciente con propósito estético para unha obra como a *Polimétrica*, da mesma forma que nos cantares de xesta ou no romanceiro. En calquera caso, concordamos con el no feito de que a presenza de usos antigos nun texto, especialmente se son máis ben illados, non debería constituír unha proba sólida para a datación cronolóxica.

lírca galego-portuguesa, de métrica regular, nunha obra como a *Polimétrica*, resultado da cal sería esperábel unha lonxitude silábica recorrente.¹⁶

3. A xénese da *Crónica Troyana* de Alfonso XI e da *Polimétrica*

A *Crónica Troyana* promovida por Alfonso XI remataría de iluminarse pouco despois da súa morte (acaecida o 26 de abril de 1350), no último día deste ano, segundo consta no seu colofón. Así pois, o seu fillo, Pedro I (1334-1369), para cuxa educación se encomendara esta luxosa empresa, recibía o agasallo paterno á temperá idade de dezaseis anos, xa iniciado o seu convulso reinado:

Este libro mandó fazer el muy alto e muy noble e muy excelente rey Don Alfonso, fijo del muy noble rey Don Fernando e de la reina Doña Costança. Et fue acabado de escribir e de estoriar en el tienpo que el muy noble rei Don Pedro, su fijo, regnó, all qual mantenga dios al su servicio por muchos tiempos e bonos; et los sobredichos donde el viene sean heredados en el regno de dios, amén. Fecho el libro postrimero día de deziembre, era de mill e trescientos e ochenta e ocho años. Nicolás Gonçalez, escriván de los sus libros, lo escriví por su mandado (Escorial ms. h.I.6, fol. 183rb, presentación crítica propia).

A adaptación do *roman* francés consérvase en cinco testemuños (in)directos, dos cales o manuscrito *A* (Escorial ms. h.I.16) é a versión rexia iluminada por Nicolás González,¹⁷ *escrivano de los sus libros*. De comezos do último terzo da centuria (1373) data a versión galega (BNE ms. 10.233) encargada polo nobre Fernán Pérez de Andrade. A *Historia Troiana* híbrida galego-castelá (BMP ms. 558) tamén emprega a mesma tradición discursiva que *A* e *G*, tanto na súa sección orixinaria castelá como na sección galega posterior. Ademais, como xa indicamos no apartado anterior, a *Crónica Troyana* tamén se conserva de modo fragmentario nos dous testemuños facticios (*Ma* e *M'*) que transmiten a *Polimétrica*. Até hai ben pouco, só contabamos para a *Crónica Troyana* coa deficiente transcripción de K. Parker (1977) que, porén, xa fora obxecto dunha revisión exhaustiva por Lorenzo (1979). Habería que agardar máis de tres décadas para contarnos cunha nova edición da *Crónica Troyana*, grazas á tese de doutoramento de Claudia d'Ambruoso (2012), na que se establece o texto crítico tomando en consideración os catro testemuños mencionados.

16 Vasconcelos (1904: 2, 519), García Solalinde (1916: 157), Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: XII-XVII), Deyermond (1975: 44-45), Casas Rigall (1999: 216).

17 Vid. Rodríguez Porto (2012a, 2012b).

Canto ao testemuño rexio de Alfonso XI, cómpre ter en conta en primeiro lugar a súa filiación co modelo a partir do cal se traduce, o *Roman de Troie*. García Solalinde, no seu pioneiro estudo comparativo (1916: 136-162), xa concluíra que as adaptacións hispanas do ciclo clásico seguían un manuscrito da obra de Benoît diferente ao dos testemuños manexados por Constans.¹⁸ Por esta razón a crítica conxecturou a posibilidade de que o modelo dos textos ibéricos non fose o poema de Benoît, mais si algunha das súas reelaboracións prosísticas galas (sécs. XIII-XIV), ou mesmo a *Historia destructionis Troiae* de Guido (unha outra adaptación do poema francés). Esta segunda posibilidade sería rexeitada de plano por Haywood (1996: 10-15) no referido á *Polimétrica*; á mesma conclusión chega Casas Rigall (1999: 217 e n. 173) no caso da *Crónica Troyana* rexia. Canto ás prosificacións galas, aínda que se teñen detectado diversas concomitancias entre estas versións¹⁹ (especialmente no caso da «versión meridional» ou *Prose 2*) e a *Crónica Troyana*, o estudo de Casas Rigall (1999: 217-222) confirmou que o texto francés

-
- 18 Destes, o testemuño máis próximo sería o ms. *A* (BNF ms. 60), pertencente á primeira sección da primeira familia dos testemuños por el estudados (Constans 1904: 1, v-xi). Como lembra Casas Rigall (1999: 217), no que atinxe aos fragmentos da *Polimétrica*, esta hipótese de García Solalinde foi aceptada, en xeral, pola crítica (Menéndez Pidal e Varón Vallejo 1934, Martín de Riquer 1959, Grumbrecht 1974, Ferraresi 1976: 119-128, Chevalier e Delpont 1989-90, Cátedra 1993-94, Peláez 1995-96 etc.).
- 19 Brownlee (1979) fixera unha colación superficial tendo en conta só a «versión común» (*Prose 1*), concluíndo sen moito fundamento a maior vinculación da *Polimétrica* con esta prosificación; no entanto, esta hipótese sería rexeitada por Haywood (1996: 12-14). Este mesmo autor, en troca, identifica nunha pasaxe da *Polimétrica* un detalle discursivo inexistente na *Crónica Troyana* e no *Roman de Troie*, mais presente en *Prose 1* e en Guido; con todo, reconece tamén a posibilidade de que se trate dunha interpolación derivada de Santo Isidoro (*ibid.* 11-14). Segundo a meritoria análise de Lorenzo (1985: 18-20 e 68-70), baseada, en parte, en todas as prosificacións salvo a quinta, a reelaboración gala máis próxima á *Crónica Troyana* sería a «versión meridional» (*Prose 2*); así se reflicte, por exemplo, en certos erros de cómputo comúns á *Polimétrica*, á versión de Alfonso XI e a *Prose 2*, ou nun episodio en estilo indirecto coincidente cos mesmos testemuños (fronte ao estilo directo presente no *Roman de Benoît*); cfr. Casas Rigall (1999: 222). Seguindo a colación feita por Vielliard (1979) dalgunhas pasaxes presentes nas distintas versións da obra francesa (*Roman de Troie, Prose 1, Prose 2* e *Prose 4*), nomeadamente a descrición do Saxitario e a embaixada de Ulises e Diomedes en Troia, Casas Rigall (1999: 218-220) identifica diversas concomitancias entre a *Crónica Troyana* e algunhas das prosificacións consideradas polo editor francés; porén, ningunha delas supera os paralelismos perceptíbeis entre o *Roman de Troie* e a adaptación hispana. Canto a *Prose 3*, especialmente a partir do relato da destrución de Troia por Agamenón e os seus exércitos, trátase da prosificación máis afastada do *Roman de Troie* ou de calquera outra versión (Jung 1987 e 1996: 409-503); do mesmo modo, a súa vinculación coas adaptacións hispanas é tamén menor (Casas Rigall 1999: 220-221). Por último, canto a *Prose 5*, o elemento máis novidoso en relación co *Roman de Troie* e as outras prosificacións é a integración discursiva de trece epístolas ovidianas (esta reelaboración pasaría a formar parte da segunda redacción da *Histoire ancienne jusqu'à César*); porén, esta característica non afecta ás versións prosimétrica e de Alfonso XI, toda vez que ningunha destas inclúe textos ovidianos.

máis próximo á *Polimétrica* e á versión de Alfonso XI continúa a ser o poema de Benoît de Sainte-Maure.

Porén, malia confirmarse este aserto, a existencia dun texto intermediario entre o modelo subxacente (o poema francés) e as versións hispanas é evidente. Neste sentido, García Solalinde (1916) sostíña que o texto francés máis inmediato podería non pertencer a ningunha das pólas textuais do *Roman de Troie* establecidas por Constans (1904); ese manuscrito galo descoñecido sería a base para as adaptacións da *Polimétrica* e da *Crónica Troyana*, independentes entre si. Así, por exemplo, certos numerais coincidentes entre estas dúas obras e discordantes en relación ao *Roman* procederían desa hipotética versión francesa. Máis significativas resultan as concomitancias relativas ás razas humanas portentosas descritas na «cámara marabillosa» de Héitor,²⁰ motivo ausente no *Roman de Troie* e que as adaptacións hispanas recollerían das *Etimoloxías* isidorianas (Carlos Villamarín 1989).

Partindo da datación tardía (mediados do século XIV) da *Polimétrica*, outros autores pensaron na posibilidade dunha interrelación moi estreita entre a *Polimétrica* e a *Crónica Troyana*, pola cal a versión de Alfonso XI sería produto non só da tradución do poema de Benoît, mais tamén da extracción de certos detalles discursivos presentes na adaptación prosimétrica; mesmo tamén se chegou a considerar a posibilidade inversa, isto é: que a *Crónica Troyana* fose –xunto co *Roman de Troie*– o modelo da *Polimétrica*. Non obstante, esta hipótese (a relación directa entre as dúas adaptacións hispanas) resulta difícil de aceptar, tendo en conta as diferenzas evidentes nos modos de adaptación destas dúas reelaboracións, moito menos fiel á liña do *Roman de Troie* no caso da versión prosimétrica (Casas Rigall 1999: 232).

En troca, aínda recoñecéndonos a independencia das dúas versións hispanas, unha terceira vía explicativa parece máis plausíbel, como lembraremos no apartado seguinte: a existencia dunha fonte común autóctona xa traducida do francés.

4. Unha versión iberorrománica occidental do *Roman de Troie*

Esta hipótese xa fora proposta por García Solalinde (1916: 147-148), mais decontado a rexeitaría fundándose nas acusadas diverxencias entre a *Polimétrica* e a versión de Alfonso XI. No entanto, como demostra Casas Rigall (1999: 223-231), tal conxectura permitiría explicar a natureza de certos paralelismos entre

²⁰ Lida de Malkiel (1939) reparara nelas só no caso da *Polimétrica*, mentres que Carlos Villamarín (1989) as identificaría tamén na *Crónica Troyana*.

a *Polimétrica* e a *Crónica Troyana* que, en principio, non poderían proceder dun modelo francés, especialmente no tocante á incorporación de paremias idénticas (non só o propio refrán, mais tamén a formulación verbal correspondente) nos dous testemuños hispanos.²¹ Este autor (*ibid.* 223-229) tamén salienta outras particularidades que presumibelmente caracterizarían a dita versión iberorrománica: a interpolación sobre as razas portentosas da cámara marabillosa de Héitor, as glosas heráldicas, certas traducións caprichosas de tecnicismos bélicos (ex. *arcos turcos, cuadriello*) e musicais (ex. *guitarra*; vid. *supra*), ou a omisión do vocábulo *leopardo* (*lieparz* no *Roman de Troie*) nas frecuentes comparacións de guerreiros con animais salvaxes. Así pois, partindo deste modelo ibérico común, tradución do *Roman de Troie*, as diferenzas rexistradas entre a *Polimétrica* e a *Crónica Troyana* deberíanse a cadanseu proceso de refundición.

Esta conxectura axústase, ademais, a dúas hipóteses contrastadas referidas á natureza lingüística orixinaria das dúas adaptacións hispanas en cuestión. Por unha parte, de acordo con Lorenzo (1985: 191-202), o ms. *A* de Alfonso XI, o códice rico hoxe custodiado no Escorial, é unha tradución castelá dun orixinal occidental hoxe perdido. O mesmo carácter occidental, xa apuntado por García Solalinde (1916: 127-128) e Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xxii-xxiii), presupónselle ao testemuño máis antigo (*Ma*) da *Polimétrica*. En ambos os dous casos detéctanse numerosas evidencias dun substrato lingüístico occidental, ben galego-portugués, ben galego-leonés (cfr. *infra*), no antecedente destas dúas obras.

No primeiro caso, Lorenzo (1985: 29-131 e 169-182) demostrou –desenvolvendo as hipóteses de Vasconcelos (1904: 2, 519 e n. 3) e Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xii)– que o testemuño *A* non era o orixinal da versión rexia de Alfonso XI, senón que, con anterioridade a 1350, existirían outras copias desta versión das que derivarían, de modo independente, o ms. *A* e a versión galega (ms. *G*) encargada por Fernán Pérez de Andrade.²² No primeiro caso, o antecedente

21 Lorenzo (1985: 51-52), Casas Rigall (1999: 229-231). A posibilidade de que, neste sentido, houbera influencia de *Prose 3* (adaptación que se distingue das outras pezas galas polo seu maior uso de proverbios) é remota (*ibid.* 230-231).

22 A hipótese de que *A* non é a versión orixinal de Alfonso XI xa fora manexada por Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xii), mais desde outra perspectiva. Segundo estes autores, o arquetipo (*X) dos testemuños que combinan a *Polimétrica* e a *Crónica Troyana* (*M* e *M'*) empregaría estouta versión anterior hoxe perdida, que, ao seu xuízo, sería «de carácter leonés, que hemos de suponer el original mandado hacer por Alfonso XI, y que luego se castellanizó al copiarlo e iluminarlo en 1350 por orden del hijo de Alfonso, Pedro I». Cfr. Casas Rigall (1999: 210-211 e 232-237). Así e todo, Lorenzo lembra que o propio Menéndez Pidal, con anterioridade (1902) á súa edición da *Polimétrica*, xa dera a entender que o modelo de *A* era galego-portugués: «La [*Crónica*] *Troyana* gallega está en la Biblioteca Nacional... Creo que la castellana del Escorial, aunque hecha también en la corte de

de *A* sería un texto redixido en lingua occidental, «galega ou portuguesa» segundo Lorenzo (1985: 191-202) ou leonesa occidental, como apunta D'Ambruoso (2007, 2009, 2010, 2012), toda vez que está inzado de formas inequivocamente reinterpretábeis como traducións erradas do romance occidental.²³

Tomando en consideración parámetros de orde extralingüística, tal como lembra Casas Rigall (1999: 235-236), a hipótese defendida por R. Lorenzo (1985, 2002) estaría avalada, ademais, por datos externos, tal como suxire o interese desde época temperá das provincias hispanas occidentais polo asunto troiano, posto de relevo polas autoridades clásicas e medievas. No caso de Portugal, o feitizo da lenda troiana rastrexase de modo particular nas referencias á fundación de Lisboa por Ulises²⁴ ou ao agocho de Aquiles na corte de Licomedes, situada, segundo a *General Estoria*, no Algarve portugués e identificada, segundo a *Crónica Troyana*, co convento lisboeta de *Achellas*²⁵ (forma antiga de *Chelas*). Canto a Galiza, de acordo coas *Etimoloxías* isidorianas, desde antigo os seus habitantes reivindicarían unha presunta orixe grega.²⁶ As autoridades clásicas que sancionan a raizame grega da Galiza (Estrabón, Xustino, Plinio ou Silio Itálico) constituirían os fundamentos do mito recuperados de modo progresivo a partir do Renacemento.²⁷

Canto á *Polimétrica*, García Solalinde (1916: 127-128) e Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xxii-xxiii) detectaran diversos trazos lingüísticos que consideraron leoneses (exs. *ambidos*, *mais/máis*, *señeridad*, *sobrevieno*, *solombra*, a

Alfonso XI y Pedro I, se hizo sobre la gallega, contra lo que afirme Amador de los Ríos. Lo digo por algún galleguismo que descubrí en la del Escorial» (*apud* Lorenzo 1985: 193).

- 23 Remitimos aos traballos desta autora (especialmente 2010 e 2012: § 3.4, cxviii-cxxvi), nos que se actualizan as pesquisas de Lorenzo (1985).
- 24 Mito coñecido talvez desde o séc. I d.C. (e con seguridade a partir do séc. III) e recollido no dominio hispánico primeiramente nas *Etimoloxías* isidorianas, no *Chronicon mundi* de Lucas de Tui e no *De preconiis Hispaniae* de Juan Gil de Zamora (Carlos Villamarín 1999). Como xa se indicou, tamén foi obxecto de comentario na prosa afonsina (Casas Rigall 1999: 192-194), tanto na *Estoria de España* –cunha sucinta e confusa alusión–, como, especialmente, na *General Estoria*, onde se declaran veladamente como únicas fontes os glosarios medio-latinos de Papías e Ugocione da Pisa.
- 25 Vid. Carlos Villamarín (1992). Como lembra Casas Rigall (1999: 233), esta última localización, fundada na falsa etimoloxía de *Aquiles-(A)chelas*, foi coñecida polos historiadores portugueses do século xvii.
- 26 «Galleci a candore dicti, unde et Galli. Reliquis enim Hispaniae populis candidiores existunt. Hi Graecam sibi originem adserunt, unde et naturali ingenio callent. Siquidem, post finem Troiani belli, Teucrum morte Aiakis fratris invisum patri Telamoni, dum non reciperetur in regnum, Cyprium concessisse, ibique urbem nomine antiquae patriae Salaminam condidisse. Inde ad Galleciam profectus et, positis sedibus, ex loco genti nomen dedisse» (*Etimoloxías* IX, 2, 110-111; *apud* Casas Rigall 1999: 233).
- 27 Véxanse, entre outros, Bermejo Barrera (1982 e 1989), Carlos Villamarín (1996: 96-102 e 121-129), Casas Rigall (1999: 233-234) e Moralejo Álvarez (2000).

conxunción *se*, o artigo *ela* 'a', o pronome átono *lle/s*, o grupo <br/pr> en *branco*, *niebra*, *sebrante*, *progo*, o grupo <pl> en *plados*, *plez*, etc.), non só no fragmento prosimétrico, mais tamén nas interpolacións da *Crónica Troyana* de Alfonso XI. Porén, Casas Rigall (1999: 234-235) matizou que na maior parte dos casos se trata de formas comúns ao leonés occidental e ao galego-portugués. Para alén disto, se ben é certo que a meirande parte dos erros de tradución da *Crónica Troyana* non se rexistran na *Polimétrica*, tamén é posíbel atopar algún caso illado de má tradución desde o galego-portugués común ás dúas versións hispanas (ex. *tollió* en *A* e *M*; cfr. *trenchá* RT e *tallou G*, *cortó M*; *ibid.* 235). Desta forma, Casas Rigall propón a identificación de diversos estratos (trazos galego-portugueses do seu modelo e trazos (galego)-leoneses dos seus tradutores e/ou adaptadores) que constitúen o diasistema lingüístico reflectido na versión que hoxe conservamos da *Polimétrica*:

[...] una traducción que conserva restos del gallego o portugués de su modelo, realizada por un autor que domina la lengua de la fuente, él mismo de rasgos dialectales leoneses. De este modo, la base gallega o portuguesa se solapa en ocasiones con los elementos leoneses; dados estos paralelismos, la lengua de la adaptación se muestra asimismo propicia a alentar y acoger dialectalismos exclusivos del leonés. Esta propuesta, al tiempo, sirve para explicar también los usos arcaicos señalados por Menéndez Pidal en la *Polimétrica*, acaso huellas de un texto occidental anterior. (1999: 235-236)

Así pois, o corolario de todo isto parece claro: o mesmo texto occidental que serviu de modelo ao testemuño *A* de Alfonso XI sería tamén a fonte da *Polimétrica*, polo que a filiación destas dúas adaptacións, independentes entre si, resulta moi estreita desde a súa propia xénese. A dita versión iberorrománica común, hoxe perdida, traduciría e adaptaría o *Roman de Troie* incorporando elementos discursivos propios.²⁸ No entanto, esta versión non sería a empregada polo obradoiro afonsino para a confección da súa *Estoria de Troya* (logo incorporada a GE2), pois esta *estoria unada e complida* é moito máis libre que a *Polimétrica* e a *Crónica Troyana* de Alfonso XI e, ademais, emprega e combina un conxunto máis amplo de modelos latinos e romances.

O estudo actualizador da filiación textual e lingüística da *Crónica Troyana* realizado por Claudia d'Ambruoso (2010 e 2012) axúdanos a comprender mellor a natureza desta versión iberorrománica. Esta estudosa amplía o número de

28 Aínda que non dispomos de ningunha evidencia clara, aventuramos a hipótese de que talvez esta versión nunca evolucionase dun estado preliminar de borrador ou guía. O que si que semella factíbel, como xa se indicou, é que a súa adaptación fose xa en prosa.

testemuños colacionados (*Ma*, *Mb* e *M'*) con respecto ao traballo de Lorenzo (1985) e identifica tres subarquetipos xurdidos a partir da versión iberorrománica común á que nos referimos (ω):

- α → agrupa, de modo independente, os ms. *A*, *G*, *B* e *Mb*
- β → integrado polos ms. *Ma* e *M'*
- γ → subarquetipo da familia α conformado polos testemuños híbridos *B* e *Mb*

Conclúe primeiramente (2010: 642) que as deturpacións significativas²⁹ que afectan ao testemuño *A* se manteñen en certos casos nos outros membros do subarquetipo α do que procede, mais non afectan á familia β , toda vez que as lecturas de *Ma* e *M'* demostran ser as xenuínas nos *loci critici* considerados no seu estudo.³⁰ Segundo D'Ambruso (2010: 643-645), a autonomía lingüística da póla β só podería explicarse de maneira satisfactoria de conxecturarmos un modelo leonés occidental³¹ (e non galego-portugués, como afirmaba Lorenzo) do que derivasen os dous subarquetipos α e β : segundo esta hipótese, unha das familias (β : *Ma* e *M'*) efectuaría dun modo máis satisfactorio que a outra (α : *A*, *B* e *Mb*) o proceso de castellanización da *Crónica Troyana* de Alfonso XI, o cal xustificaría tanto a presenza das deturpacións significativas apuntadas en α como a ausencia delas en *Ma* e *M'*. Concordamos con esta autora en que o proceso de castellanización do *roman* foi distinto en ambas as dúas pólas (α e β) a partir dun antecedente occidental; isto é, na familia α a depuración lingüística levada a cabo por Alfonso XI non chegaría a ser perfecta, ao contrario do que nos testemuños *Ma* e *M'*.³² Porén, ampliando a liña argumental de Casas Rigall (1999: 236), talvez non sexa plenamente concluínte a adscrición lingüística que se fai deste modelo

29 D'Ambruso discrimina con bo criterio as deturpacións significativas (isto é, aquelas atribuíveis ás características idiomáticas do seu antecedente, por malentendido lingüístico) das equipolentes e das motivadas por factores alleos ao substrato occidental do arquetipo (2010: 641-642).

30 Porén, como indicamos *supra*, Casas Rigall (1999: 235) identificaba algún caso illado en *Ma* de errónea tradución dunha lección occidental no seu modelo. Descoñecemos se é posíbel identificar algún exemplo máis similar a este nalgún dos testemuños da póla β (non parece que así sexa segundo D'Ambruso 2012).

31 Cómpre salientar que a autora, neste sentido, se sitúa na liña xa apuntada por Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934: xxii), ao considerar que todos os *loci critici* seleccionados por Lorenzo (1985) como probas dun antecedente galego-portugués se poden adscribir a «formas dialectales leonesas occidentales, o incluso a formas arcaicas castellanas» (2010: 645 e 2012: cxxix). Como indicamos a continuación, entendemos que a primeira parte deste aserto podería considerarse excesivamente categórica; doutra parte, tamén podería ser discutíbel a consideración de «formas arcaicas castellanas».

32 Con todo, xa expresamos antes as nosas dúbidas no caso de *Ma*, pois, cando menos, foi identificado un exemplo evidente de interferencia lingüística (Casas Rigall 1999: 235).

ibérico común, xa que, en gran medida, achamos innecesaria unha discriminación idiomática tan rotunda no caso do romance centro-occidental duocentista no que probablemente xurdiu este antecedente (ω). Na segunda metade desta centuria atopámonos con textos redactados nunha variedade galego-leonesa, especialmente no ámbito da prosa xudicial ou lexislativa, que hoxe tendemos a considerar –desde unha perspectiva anacrónica– híbridas. Obras como os *Foros de Castelo Rodrigo* e os fragmentos galegos traducidos das *Partidas* e *Flores del Derecho*, ilustran o *continuum* lingüístico iberorrománico deste momento, xa que mostran unha lingua de claro substrato galego-portugués amalgamado por trazos lingüísticos pertencentes ao leonés, especialmente os falares occidentais;³³ unha situación, por outra parte, amplamente documentada na produción instrumental galego-portuguesa deste período.³⁴ Precisamente, sería lóxico pensar que a dita «mestura idiomática», cando menos nalgúns casos como o que nos ocupa, estivese vinculada, en maior ou menor medida, á confección das primeiras versións ou adaptacións peninsulares da prosa literaria de índole ficcional ou historiográfica.³⁵ Talvez os primeiros ensaios ou finalmente a base iberorrománica das adaptacións do *Roman de Troie* na Península fosen redixidos neste *magma* lingüístico, o cal explicaría o substrato occidental tanto da *Polimétrica* como da *Crónica Troyana*.³⁶

Volvendo á hipótese defendida por D'Ambruoso, o feito de recoñecermos unha variedade galego-leonesa na que se compuxese primixenamente a adaptación ibérica do *roman* non impide, ao noso xuízo, xustificarmos a ausencia das deturpacións significativas na póla β do *stemma*. Podemos aducir ao respecto tres razóns: por unha parte, semella igualmente factíbel que os testemuños *Ma* e *M'* proveñan dun proceso de castelanización máis exhaustivo que no caso da familia α , ou que naqueles casos (β) os escribáns implicados tivesen unha competencia lingüística (coñecemento do romance galego-portugués ou galego-leonés) maior que evitase unha tradución defectuosa do *exemplar* occidental. En terceiro lugar, non hai que esquecer que *Ma* e *M'* son copias dun orixinal anterior no que xa estaban asociados o *roman* e a versión prosimétrica:³⁷ sabemos que os frag-

33 Vid. Mariño Paz (1999²: 157-176 e 2008: 72-78).

34 Vid. Lorenzo (2003: 39-40), Souto Cabo (2006: 39-45 e 2008: 357-367) ou Rodríguez Parada (2007).

35 A este respecto véxase López Martínez-Morás (2007: 451-452).

36 Casas Rigall (*ibid.* 236) considera que «la combinación de elementos leoneses y galaico-portugueses que se advierte en la *Polimétrica* incluso prodría figurar ya en el modelo ibérico perdido». Vid. Pichel Gotérrez (2010a: 1516-1517), Darbord e García de Lucas (2008: 149-166).

37 Lémbrese tamén, como xa indicamos na epígrafe anterior, que ambos os dous segmentos amalgamados parecen copiados por unha mesma man (cando menos no caso de *Ma*) e que presentan occidentalismos e certas leccións presuntamente arcaicas.

mentos correspondentes ao *roman* proceden da versión iberorrománica común, mais, a diferenza da póla α , copiáronse nuns códices facticios trescentistas (*M* e *M'*) a partir dunha versión intermedia tamén miscelánea. Este duplo proceso de copia, talvez levado a cabo por copistas avezados no romance galego-portugués ou galego-leonés (téñase en conta ao respecto a fusión discursiva coa *Polimétrica*, cuxo autor debía estar familiarizado coa lírica galego-portuguesa e na que xa vimos que se detectan diversos occidentalismos), talvez puido evitar unha tradución defectuosa de ω . Con certeza, o substrato galego-leonés explica mellor os dialectalismos occidentais xa mencionados a respecto da *Polimétrica*,³⁸ o que, en definitiva, permitiría asociar dous actos creativos de diferente natureza (a asimilación e difusión autónomas do *roman* e a confección dunha versión prosimétrica) a partir dunha refundición autóctona da obra de Benoît.

Referencias bibliográficas

- ALVAR, Carlos / José Manuel LUCÍA MEGÍAS (eds.) (2002): *Diccionario filológico de literatura medieval española. Textos y transmisión*. Madrid: Castalia (Nueva Biblioteca de Erudición y Crítica 21).
- BERMEJO BARRERA, Xosé Carlos (1982): *Galicia y los griegos: Ensayo de historiografía*. Santiago: Sálvora.
- BERMEJO BARRERA, Xosé Carlos (1989): «Los antepasados imaginarios en la historiografía gallega», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 38/103, pp. 73-91.
- BROWNLEE, Marina Scordilis (1978-79): «Towards a Reappraisal of the *Historia troyana polimétrica*», *La Corónica* 7/1, pp. 13-17.
- BROWNLEE, Marina Scordilis (1979): «Undetected Verses in the *Historia troyana en prosa y verso*», *Romania* 100, pp. 270-272.
- CARLOS VILLAMARÍN, Helena de (1989): «Os Autómatas da Cámara de Eytor», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 16, pp. 135-143.
- CARLOS VILLAMARÍN, Helena de (1992): «Aquiles en Portugal: un aspecto de las versiones peninsulares del *Roman de Troie*», *Evphrosyne. Revista de filología clásica* 20, pp. 365-378.
- CARLOS VILLAMARÍN, Helena de (1996): *Las Antigüedades de Hispania*. Spoleto: Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo.

38 Comentabamos antes que se Menéndez Pidal e Varón Vallejo (1934) os consideraban leonesismos, Casas Rigall (1999) recoñecía neles igualmente unha base galego-portuguesa.

- CARLOS VILLAMARÍN, Helena de (1999): «Traducción de textos na Roma antiga. Algunhas consideracións», en José María Viña Liste (ed.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 119-130.
- CASAS RIGALL, Juan (1999): *La Materia de Troya en las letras romances del siglo XIII hispano*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- CÁTEDRA, Pedro Manuel (1993-94): «El entramado de la narratividad: tradiciones líricas en textos narrativos españoles de los siglos XIII y XIV», *Journal of Hispanic Research* 2, pp. 323-354.
- CHEVALIER, Jean-Claude / Marie-France DELPORT (1989-90): «Traduction et réécriture dans la *Historia Troyana*», *Cahiers de linguistique hispanique médiévale* 14-15, pp. 91-110.
- CONSTANS, Leopold (1904-1912): *Le Roman de Troie*. París: Société des anciens textes français, 6 vols.
- D' AMBRUOSO, Claudia (2007): «Per una edizione critica della *Crónica Troyana* promossa da Alfonso XI», *Troianalexandrina* 7, pp. 9-143.
- D' AMBRUOSO, Claudia (2009): «Sulle relazioni testuali fra il manoscritto G della *Crónica Troiana* ed i testimoni della *Versión de Alfonso XI*», *Troianalexandrina* 9, pp. 17-32.
- D' AMBRUOSO, Claudia (2010): «Sobre las relaciones textuales y lingüísticas entre la *Crónica Troiana* gallega y la versión de Alfonso XI», en Andrew M. Beresford (ed.): *Quien hubiese tal ventura. Medieval Hispanic Studies in honour of Alan Deyermond*. London: Queen Mary and Westfield College, pp. 633-646.
- D' AMBRUOSO, Claudia (2012): *Edición crítica y estudio de la Crónica Troyana promovida por Alfonso XI*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- DARBORD, Bernard / César GARCÍA DE LUCAS (2008): «Reflexiones sobre las variantes occidentales de la materia artúrica castellana», en Javier Elvira *et alii* (eds.): *Lenguas, Reinos y Dialectos en la Edad Media Ibérica. La construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 149-165.
- DEYERMOND, Alan (1971): *A Literary History of Spain. The Middle Ages*. London: Ernest Benn (trad. ao español de L. Alonso, *Historia de la literatura española 1. La Edad Media*, 1973).
- DEYERMOND, Alan (1975): «Lyric Traditions in Non-Lyrical Genres», en John J. Nitti (ed.): *Studies in Honor of Lloyd A. Kasten*. Madison: Hispanic Seminary of Medieval Studies, pp. 39-52.
- FERRARESI, Alicia C. de (1976): *De amor y poesía en la España medieval: prólogo a Juan Ruiz*. México: Colegio de México, pp. 119-128.
- GARCÍA SOLALINDE, Antonio (1916): «Las versiones españolas del *Roman de Troie*», *Revista de Filología Española* 3, pp. 121-165.

- GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana. I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*. Madrid: Cátedra.
- GÓMEZ REDONDO, Fernando (2007): *Historia de la prosa medieval castellana. IV. El reinado de Enrique IV, el final de la Edad Media. Conclusiones. Guía de lectura. Apéndices. Índices*. Madrid: Cátedra.
- GRUMBRECHT, Hans-Ulrich (1974): «Literary Translation and its Social Conditioning in the Middle Ages: Four Spanish Romance Texts of the 13th Century», en Peter HAIDU (ed.): *Approaches to Medieval Romance*. New Haven: Yale University Press, pp. 205-222.
- HAYWOOD, Louise M. (1996): *The Lyrics of the «Historia troyana polimétrica»*. London: Queen Mary and Westfield College, Department of Hispanic Studies.
- JUNG, Marc-René (1987): «Le Roman de Troie en prose du manuscrit Rouen, Bibl. Mun. O. 33», *Romania* 108, pp. 433-460.
- JUNG, Marc-René (1996): *La légende de Troie en France au moyen âge: analyse des versions français et bibliographie raisonnée des manuscrits*. Basel: Francke.
- LARREA VELASCO, Nuria (2012): *Historia Troyana Polimétrica. Edición crítica*. Universidad de Educación a Distancia. Tese de doutoramento. <<http://e-spacio.uned.es:8080/fedora/get/tesisuned:Filologia-Nlarrea/Documento.pdf>>.
- LIDA DE MALKIEL, María Rosa (1939): «Las imágenes de la cámara maravillosa», *Boletín de la Academia Argentina de las Letras* 7, pp. 173-185.
- LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS, Santiago (2007): «Aparición e florecemento da prosa medieval galega», en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 447-472.
- LORENZO, Ramón (1979): «La edición de la *Crónica Troyana* de Parker», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 6, pp. 375-414.
- LORENZO, Ramón (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LORENZO, Ramón (2002): «La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios», *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123.
- LORENZO, Ramón (2003): «Emerxencia e decadencia do galego escrito (ss. XIII-XVI)», en Rosario Álvarez et. alii (eds.): *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. 3, pp. 27-153.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1999²): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- MARIÑO PAZ, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. Muenchen: LINCOM Europa.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón / Eudoxio VARÓN VALLEJO (1934): *Historia troyana en prosa y verso, texto de hacia 1270*. Madrid: Junta para ampliación de Estudios, Centro de Estudios Históricos.
- MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José (2000): «De griegos en Galicia», en Minerva Alganza Roldán *et alii* (eds.): *Epieikeia: studia graeca in memoriam Jesús Lens Tuero. Homenaje al profesor Jesús Lens Tuero*. Granada: Athos-Pérgamos, pp. 327-358.
- PARKER, Kelvin M. (1977): *La versión de Alfonso XI del Roman de Troie. Ms. H-j-6 del Escorial*. Michigan: Applied Literature Press, Univ. Microfilms Int. Ann Arbor.
- PAZ Y MELIÁ, Antonio (1899): «Poesías intercaladas en la *Crónica troyana* romanceada», *Revue Hispanique* 6, pp. 62-80.
- PELÁEZ, Lola (1995-96): «La *Historia troyana polimétrica*: una nueva tentativa de renovación de la épica culta», *Olifant* 20/1-4, pp. 235-248.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2010a): «A prosa medieval galega á luz do testemuño da *Historia Troiana* (ms. 558 BMP). Apuntamentos codicolóxicos», en José Manuel Fradejas Rueda *et alii* (eds.): *Actas del XIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. In memaoriam Allan Deyrmond*. Valladolid: Universidad, Ayuntamiento, vol. 2, pp. 1515-1530.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2010b): «A peregrinaxe das versións galegas do ciclo clásico na Idade Media», en Esther Corral (ed.): *In marsupiiis peregrinorum. La circulación de textos e imáxenes arrededor del Camino de Santiago en la Edad Media*. Firenze: Sismel / Edizioni del Galluzzo, pp. 439-454.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2010c): «La circulación de la materia de Troya en la baja Edad Media y su reflejo en las letras gallegas: aproximación al testimonio de la *Historia Troiana* (BMP 558)», en Francisco Bautista / Jimena Gamba (eds.): *Estudios sobre la Edad Media, el Renacimiento y la temprana Modernidad*. San Millán de la Cogolla: La SEMYR, El SEMYR, CiLengua, pp. 331-345.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2012a): «Tradición, (re)traducción e reformulación da *General Estoria* e na *Estoria de Troya* afonsinas á luz dun testemuño indirecto do séc. XIV», *e-Spania. Revue Interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes* 13. <<http://e-spania.revues.org/21124>>.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2012b): «Aproximación a un testimonio indirecto (BMP ms. 558) de la sección troyana de la *General Estoria*», in Natalia Fernández / María Fernández (eds.): *Literatura medieval y renacentista en España: Líneas y pautas*. Salamanca: La SEMYR, pp. 821-830.

- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2012c): «A fortuna da *Historia Troiana* petrista (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes», *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 15, pp. 119-130.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2014a): «Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués», *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 17, pp. 99-113.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2014b): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Santiago de Compostela: USC Editora (en preparación).
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2014c): «La eclosión de la materia clásica en las letras peninsulares medievales. Compilaciones y refundiciones troyanas no autónomas (siglos XIII y XIV)», *Scriptura. Anuario de estudios literarios hispánicos* (no prelo).
- RIQUER, Martín de (1959): «El armamento en el *Roman de Troie* y en la *Historia troyana*», *Boletín de la Real Academia Española* 49, pp. 463-494.
- RODRÍGUEZ PARADA, Raquel (2007): «Textos primitivos da franxa oriental», in Ana Isabel BOULLÓN AGRELO (ed.): *Na nosa lyngoage galega: A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 399-428.
- RODRÍGUEZ PORTO, Rosa María (2012a): «El *Libro de las Dueñas* y la *Historia Troyana* bilingüe (Santander, BMP, ms. 558). Palabras e imáxenes para María Rosa Lida de Malkiel (1910-1962)», *Troianalexandrina* 12, pp. 9-62.
- RODRÍGUEZ PORTO, Rosa María (2012b): Thesaurum. *La Crónica Troyana de Alfonso XI (Escorial h.I.6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- ROUBAUD-BÉNICHOU, Sylvia (2000): *Le roman de chevalerie en Espagne. Entre Arthur et Don Quichotte*. Paris: Honoré Champion Éditeur.
- SCHIFF, Mario (1905): *La Bibliothèque du Marquis de Santillane (études publiée sous les auspices du Ministère de l'Instruction Publique)*. Paris: Emile Bouillon.
- SOUTO CABO, José Antonio (2006): «Inventário dos máis antigos documentos galego-portugueses», *Agália* 85-86, pp. 9-88.
- SOUTO CABO, José Antonio (2008): «Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII», en *Revista Galega de Filoloxía* (Monográfico 5). A Coruña: Universidade da Coruña.
- VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de (1904): *Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e comentada*. Halle: Max Niemeyer, 2 vols.
- VIELLIARD, François (ed.) (1979): *Le Roman de Troie en prose. Version du Cod. Bodmer 147*. Genève: Fond. Martin Bodmer.